

Os socialistas de Vilalba pedirán ao Goberno Central que a competencia do Rexistro Civil non se derive nos órganos Mercantís

Denuncian que, co decreto aprobado, “o Executivo de Rajoy vai ocasionar outro trastorno e dificultade aos cidadáns, aos que cada día se lle infrinxen máis castigos por parte dos Gobernos do Partido Popular, poñéndolles contantes trabas e obstáculos para poder achegarse á administración”

Consideran que “este é o paso definitivo para destrución de emprego no sector e a privatización do noso Rexistro Civil, posto que os rexistradores mercantís, a pesares de ser funcionarios estatais, actúan como empresas privadas, xa que os seus ingresos non proceden dos Presupostos Xerais do Estado, senón dos aranceis que lle cobran aos seus clientes”

A retirada de carteis publicitarios nas obras realizadas por dúas empresas no polígono industrial; unha delas xestionada por un edil do PP; o pagamento da parte correspondente á extra de Nadal de 2012; o arranxo da beirarrúa estragada pola obra aínda se rematar na rúa Mestras Amelia e Sagrario; os servizos sanitarios do campo da feira; a apertura dun PAI na antiga gardeiría; e o transporte dos usuarios do centro ocupacional Terra Chá, son os outros asuntos presentados polo PSOE para o Pleno deste xoves

VILALBA, 29 DE XULLO DE 2014.- O grupo municipal socialista de Vilalba solicitará ao Goberno Central no Pleno, que celebrará a Corporación local este xoves, o mantemento do Rexistro Civil. Concretamente, o PSOE pedirá que se eliminen as Disposicións Adicionais décimo novena, vixésima, vixésimo primeira, vixésimo segunda, vixésimo terceira e vixésimo cuarta, así como a Disposición Final 8 do Real Decreto Ley 8/2014 de Aprobación de Medidas Urgentes para o Crecemento, a Competitividade e a Eficiencia pola que se modifica a Lei 20/2011, de 21 de xullo, que regula a competencia deste órganos, e que derivan a responsabilidade destes rexistradores ás oficinas do Rexistro Mercantil.

Ata o de agora a expedición de certificacións rexistrais realizábanse na súa maioría de maneira directa nas dependencias destes órganos ou nos Xulgados de Paz, é dicir, o servizo prestábase de xeito directo e inmediato. Pero, coa nova normativa, os veciños, subraian dende o PSOE vilalbés, terán que desprazarse a unha cidade na que exista o Mercantil para realizar os trámites relativos aos expedientes rexistrais ou outra certificación que precisen. Isto ocasionará, destacan, “outro trastorno e dificultade a maiores para os cidadáns, aos que cada día se lle infrinxen máis castigos por parte dos Gobernos do Partido Popular, poñéndolles contantes trabas e obstáculos para poder achegarse á administración. Está claro que Rajoy e Gallardón con este Decreto só conseguen afastar un servizo público da sociedade e crearlle un custe adicional aos vilalbeses”, afirman.

Privatización do servizo e destrución de emprego

Os socialistas acordaron levar este asunto ao Pleno, pois consideran que “este é o paso definitivo para a privatización do noso Rexistro Civil, posto que os rexistradores mercantís, a pesares de ser funcionarios estatais, actúan como empresas privadas, xa que os seus ingresos non proceden dos Presupostos Xerais do Estado, senón dos aranceis que lle cobran aos seus clientes e, polo tanto, son a todos os efectos empresas privadas que, ademais, actúan como tales”.

“A este entorpecemento hai que engadir, sinalan, os miles de postos de traballo que se destruírán”. Proba delo, é que os sindicatos xa denunciaron que, con esta normativa, están en perigo os 2.500 profesionais que traballan nos Rexistros Cívís de toda España e os 2.500 interinos que traballan nos xulgados e tribunais.

En definitiva, o Real Decreto 8/2014 supón “a defunción do servizo público”, de tal xeito que, a partir de agora, un acto como a inscrición dun nacemento, unha defunción, un matrimonio ou unha separación ou divorcio vai a significar “un novo atranco para os vilalbeses por culpa dun Goberno que só pretende destruír e rematar co servizo público da Xustiza”.

Máis asuntos

Asimesmo, o grupo municipal socialista tamén se interesará pola retirada de carteis publicitarios nas obras realizadas por dúas empresas no polígono industrial; unha delas xestionada por un edil do PP e instará ao alcalde a que leve a cabo os trámites oportunos para que o concello proceda ao pagamento da parte correspondente á paga extra de Nadal de 2012 devengada entre os días 1e 14 de xuño dese ano. Noutra orde de cousas, pedirá, por unha banda, o arranxo da beirarrúa estragada pola obra dun edificio aínda se rematar na rúa Mestras Amelia e Sagrario, pois o seu estado resulta perigoso para a mobilidade das persoas; e, pola outra, que os servizos sanitarios do campo da feira permanezan abertos ao público, cando menos todos os días de feira e mercado.

Ademais, formularán varias preguntas para que sexan contestadas polo rexedor, e que están relacionadas co retraso na apertura dun Punto de Atención á Infancia (PAI) no inmoible da antiga gardeiría; e co transporte dos usuarios do centro ocupacional Terra Chá; servizo que deixou de sufragar, e sen previo aviso, o Goberno galego dende comezos de ano.